

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

4777 *Real decreto 191/2016, do 6 de maio, polo que se regula a devolución de ingresos indebidos non tributarios nin alfandegueiros da Facenda pública estatal.*

Este real decreto, que se dita en desenvolvemento do previsto no artigo 81 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, contén unha regulación sobre a devolución de ingresos indebidos de natureza pública e privada non tributarios nin alfandegueiros da Facenda pública estatal.

En concreto, por unha parte, regula a devolución destes ingresos de natureza pública cando sexan declarados indebidos nun procedemento administrativo ou xudicial de revisión do acto de que dimane a obriga de ingreso. A proluxa regulación desta materia vén exixida pola complexidade da distribución competencial. Esta deriva da necesidade de prever todos os supostos que poden xurdir das distintas configuracións de distribución de competencias de liquidación destes dereitos, de recadación (tanto no período voluntario coma no executivo) así como da titularidade do rendimento.

Por outra parte, recolle outros supostos de devolución de ingresos indebidos de natureza pública e privada non tributarios nin alfandegueiros. En concreto, establece o procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución de ingresos de natureza pública e privada e a súa execución en determinados supostos distintos da revisión do acto de liquidación. Con isto échese a lagoa existente na normativa actual no ámbito dos ingresos non tributarios e substitúese a aplicación do procedemento recollido nos artigos 17 e seguintes do Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio, que viña establecida con carácter supletorio na súa disposición adicional segunda para o caso en que non exista regulación específica.

De acordo co previsto na disposición derradeira cuarta da Lei 47/2003, do 26 de novembro, o desenvolvemento do artigo 81 correspóndelle ao Goberno, que pode ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución da dita lei.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade e do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de maio de 2016,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto:

1. A regulación da devolución de ingresos non tributarios nin alfandegueiros da Facenda pública estatal que sexan declarados indebidos nun procedemento administrativo ou xudicial de revisión do acto de que dimane a obriga de ingreso (en diante, acto de liquidación), que se establece no capítulo II.

2. A regulación do procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución e a súa execución en determinados supostos distintos da revisión do acto de liquidación, que se establece no capítulo III.

Artigo 2. *Referencias á Administración.*

Para os efectos deste real decreto, o termo «Administración» terá as seguintes acepcións:

1. Cando se encontre asociado á condición de titular do recurso, entenderase referido á Administración xeral do Estado e a calquera dos organismos ou entidades a ela vinculados cuxos recursos formen parte da Facenda pública estatal.

2. Cando se encontre asociado ás competencias para liquidar dereitos e recadalos, entenderase referido ao concepto de Administración pública recollido no artigo 2.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como ás universidades públicas.

CAPÍTULO II

Devolución de ingresos de natureza pública, non tributarios nin alfandegueiros, declarados indebidos nun procedemento de revisión do acto de liquidación

Artigo 3. *Devolución de ingresos de natureza pública, non tributarios nin alfandegueiros, declarados indebidos nun procedemento de revisión do acto de liquidación.*

1. Cando o dereito á devolución dun ingreso de natureza pública se declare nun procedemento administrativo ou xudicial de revisión do acto de liquidación, a devolución acordarase e executarase segundo as seguintes regras de competencia:

a) Se se trata de ingresos en que a liquidación do dereito e a súa recadación correspondesen á mesma Administración titular do recurso, a competencia para acordar a devolución do ingreso declarado indebido e propoñer o pagamento corresponderá ao órgano que ditase o acto de liquidación revisado.

O pagamento realizarao o órgano competente en cada Administración. No caso da Administración xeral do Estado, este será a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

b) Se se trata de ingresos cuxo acto de liquidación correspondese a unha Administración distinta daquela que sexa titular do recurso, o acordo de devolución e a proposta de pagamento corresponderán ao órgano competente desta última, que os adoptará por instancia da primeira.

Se a Administración titular do recurso é a Administración xeral do Estado, o órgano competente para acordar a devolución e propoñer o pagamento, que actuará por instancia da Administración que ditase o acto de liquidación, será:

1.º O órgano de recadación, sempre que este pertenza á Administración xeral do Estado.

2.º Nos demais casos, a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

O pagamento realizarao o órgano competente da Administración titular do recurso. No caso da Administración xeral do Estado, este será a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

c) En todo caso, cando a recadación a realizase en período executivo a Axencia Estatal de Administración Tributaria, corresponderalle ao órgano que ditase o acto de liquidación revisado acordar a devolución e trasladar o dito acordo á Axencia Estatal de Administración Tributaria, que propoñerá e executará o pagamento. O acordo de devolución das recargas executivas corresponderalle tamén á Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2. A devolución integrará os xuros compensatorios a que se refire o parágrafo segundo do artigo 81 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Corresponderalle a liquidación dos xuros compensatorios ao órgano que propoña o pagamento.

CAPÍTULO III

Procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución e a súa execución en determinados supostos distintos da revisión do acto de liquidación**Artigo 4. *Ámbito de aplicación.***

O procedemento para o recoñecemento e execución do dereito á devolución de ingresos indebidos de natureza pública e privada non tributarios nin alfandegueiros establecido neste capítulo aplicarase cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que se producise unha duplicidade no ingreso.
- b) Que a cantidade ingresada fose superior á debida.
- c) Que se ingresasen cantidades correspondentes a débedas despois de que transcorresen os prazos de prescrición.
- d) Que o ingreso se producise por calquera outro erro, sempre que non concorra a obriga de ingresar, e este erro non se apreciase nalgún dos procedementos de revisión a que se refire o artigo anterior.

Artigo 5. *Formas de iniciación do procedemento.*

1. O procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución de ingresos indebidos poderase iniciar de oficio ou por instancia do interesado, sexa este último persoa física ou xurídica.

2. Entenderase por interesado o debedor ou obrigado ao pagamento e, na falta deste, o que o realízase. En caso de falecemento ou extinción e disolución, terán a consideración de interesados os sucesores daqueles.

Artigo 6. *Tramitación do procedemento iniciado de oficio.*

1. Cando o órgano competente teña coñecemento da realización dun ingreso indebido e non se producise a súa devolución, iniciará o procedemento de oficio mediante unha proposta de resolución que notificará ao interesado.

2. No prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación, o interesado poderá presentar as alegacións e os documentos e xustificantes que considere necesarios. No caso de non se produciren alegacións no prazo sinalado, entenderase que o interesado renuncia a este trámite, terase este por realizado e deixarase constancia no expediente da dita circunstancia.

3. O órgano competente deberá ditar resolución motivada que se lle notificará ao interesado no prazo de seis meses, que se computarán a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación da proposta de resolución.

O vencemento deste prazo sen se ter notificado resolución expresa lexítima o interesado para entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

Artigo 7. *Solicitud de iniciación do procedemento por instancia do interesado.*

1. Cando o procedemento se inicie por instancia do interesado, a solicitude deberase dirixir ao órgano competente e conterá os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal e domicilio do interesado.
- b) Domicilio que o interesado sinala para os efectos de notificacións.
- c) Xustificación do ingreso indebido. Á solicitude xuntaranse os documentos que acrediten o dereito á devolución, así como cantos elementos de proba considere oportunos para tal efecto. Os xustificantes de ingreso poderanse substituír pola mención exacta dos datos identificativos do ingreso realizado, entre eles, a data e o lugar do ingreso e o seu importe.
- d) Lugar, data e sinatura da solicitude.

2. Se a solicitude de iniciación non reúne estes requisitos, requirirase o interesado para que nun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que a falta de atención a este requirimento determinará o arquivamento das actuacións e que se terá por non presentada a solicitude.

3. A solicitude presentarase preferentemente polos medios electrónicos establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 8. *Tramitación do procedemento iniciado por instancia do interesado.*

1. O órgano competente comprobará as circunstancias que, de ser o caso, determinen o dereito á devolución, a realidade do ingreso e a súa non devolución posterior, así como a titularidade do dereito e a contía da devolución, e poderá solicitar os informes que considere necesarios.

2. Con carácter previo á resolución, o órgano competente deberá notificarlle ao interesado a proposta de resolución para que nun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación, presente as alegacións e os documentos e xustificantes que considere necesarios.

Poderase prescindir do dito trámite cando non se teñan en conta outras alegacións que as realizadas polo interesado ou cando a contía proposta para devolver sexa igual á solicitada, excluídos os xuros de demora.

3. O órgano competente ditará unha resolución motivada na cal, se procede, se recoñecerá o dereito á devolución e se determinará o titular do dereito e o importe da devolución. A resolución deberase ditar e notificar no prazo de seis meses, que se computarán a partir do día seguinte a aquel en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

O vencemento deste prazo sen se ter notificado resolución expresa lexítima o interesado que deducise a solicitude para entendela estimada por silencio administrativo.

Artigo 9. *Competencia para a tramitación e resolución do procedemento iniciado por instancia do interesado.*

A competencia para tramitar e resolver o procedemento iniciado por instancia do interesado corresponderalle ao órgano de recadación. Non obstante, será competente o órgano que ditase o acto de liquidación nos seguintes supostos:

a) Cando o motivo da devolución sexa un dos recollidos nas letras b) e d) do número 1 do artigo 7 e o ingreso se realizase mediante un modelo normalizado de ingreso para o pagamento en período voluntario expedido por este órgano.

b) Cando o ingreso se realizase a través dunha conta restrinxida de recadación autorizada ou nunha caixa, segundo o disposto no artigo 21 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

Artigo 10. *Competencia para efectuar a proposta de pagamento.*

O órgano competente para tramitar e resolver o procedemento serao tamén para realizar a proposta de pagamento. Non obstante:

a) Cando o citado órgano pertenza a unha Administración distinta daquela que sexa titular do recurso, a proposta de pagamento corresponderalle ao órgano competente desta última, que a adoptará logo de comunicación polo primeiro da resolución que declare o dereito á devolución.

En caso de que o recurso sexa de titularidade da Administración xeral do Estado, a proposta de pagamento corresponderalle á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

b) En todo caso, cando a recadación a realizase en período executivo a Axencia Estatal de Administración Tributaria, corresponderá a esta a proposta de pagamento. O acordo de devolución das recargas executivas tamén corresponderá á Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Artigo 11. *Competencia para efectuar o pagamento.*

O pagamento realizarao o órgano competente da Administración titular do recurso ou da Axencia Estatal de Administración Tributaria no suposto do artigo 10.b). Cando o titular do dereito sexa a Administración xeral do Estado, o órgano competente para realizar o pagamento será a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Disposición adicional primeira. *Devolucións de ingresos na Caixa Xeral de Depósitos.*

1. As devolucións de ingresos realizados na Caixa Xeral de Depósitos en concepto de constitución de depósito ou de garantía realizaranse conforme establece a súa propia normativa.

2. Serán competentes para recoñecer a obriga e propoñer o pagamento a Caixa Xeral de Depósitos ou calquera das súas sucursais nas delegacións de Economía e Facenda.

Disposición adicional segunda. *Aplicación supletoria.*

No non previsto por este real decreto, serán de aplicación con carácter supletorio as normas reguladoras do procedemento administrativo común.

Disposición transitoria primeira. *Referencias normativas.*

Mentres non entre en vigor a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a referencia realizada no artigo 2.2 deste real decreto ao artigo 2.3 da dita lei entenderase referida ao artigo 2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Mentres non entre en vigor a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a referencia realizada no artigo 7.3 deste real decreto entenderase referida á Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos en tramitación.*

Os procedementos de devolución de ingresos indebidos que se acharen en tramitación no momento da entrada en vigor desta norma tramitaranse e resolveranse de acordo co establecido na normativa vixente no momento en que se iniciaron.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre Facenda xeral e débeda do Estado.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de maio de 2016.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN